


COMPOSICIÓN DE TEXTO 2: AS CORTES DE CÁDIZ E CONSTITUCIÓN DE 1812

Doc. 1.- **Declaración da constitución das Cortes, 24 de setembro de 1810.**

“As Cortes xerais e extraordinarias da Nación española, congregadas na Real Isla de León, conforme en todo coa vontade xeral (...), recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo Rei ó Señor don Fernando VII de Borbón; e declaran nula (...) a cesión da coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da Nación”.

Doc. 2.- **Composición social dos deputados das Cortes de Cádiz.**



Doc. 3.- **Constitución de 1812**

As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución:

Art. 1. A nación española é a reunión dos españois de ambos os dous hemisferios.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo tanto pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis (...).

Art. 4. A nación está obrigada a protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos (...).

Art. 8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción algunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado (...).

Art. 12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica e romana, única verdadeira. (...) e prohíbe o exercicio de calquera outra (...).

Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais (...).

Art. 92. Requírese para ser elixido deputado de Cortes ter unha renda anual procedente de bens propios.

Art. 303. Non se usará nunca do tormento (...).

Art. 371. Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas sen necesidade de licenza (...).

Ó mesmo tempo que se desenvolvía a Guerra da Independencia (1808-1814), España vivía unha revolución política que remataba co absolutismo e poñía as bases dun sistema liberal. En diversas cidades constituíronse **Xuntas Supremas Provinciais**, uns organismos de carácter local e provincial compostos principalmente por clérigos, ilustrados e militares que asumiron a soberanía en ausencia do rei (absorbendo ou substituíndo ás institucións existentes), declararon a guerra ós franceses e buscaron o apoio inglés, e organizaron a resistencia. En setembro de 1808 as xuntas provinciais crearon, para coordinar as súas actuacións, a **Xunta Suprema Central**, que, presidida por Floridablanca, será o máximo órgano de goberno. A súa sede estableceuse en Aranjuez, pero ante o avance do exército francés, trasladouse a Sevilla e máis tarde a Cádiz. En 1810, a Xunta Superior Central, depositaria da vontade popular en ausencia do rei, decidiu convocar Cortes e ser substituída por un **Consello de Rexencia** formado por cinco membros que exercería o poder ata a volta do monarca.

As Cortes van constituírse o 24 de setembro de 1810 na Illa de León, Cádiz (Doc. 1 *As Cortes... congregadas na Real Isla de León*), aínda que máis tarde celebrarán as reunións no Real Teatro das Cortes e no oratorio de San Felipe Neri da cidade gaditana. A **convocatoria** foi **polémica**, pois o Consello de Rexencia non era partidario de realizala, os absolutistas defendían unha convocatoria de Cortes estamentais e os liberais esixían unhas cortes unicamerais e electivas que iniciasen as reformas necesarias para instaurar un sistema liberal. Finalmente decidiuse que fosen Cortes de cámara única elixida por sufraxio censatario indirecto. A cidade designada para a celebración das Cortes, Cádiz, era unha cidade de fácil defensa e na que o dinamismo comercial desenvolvera unha activa burguesía coñecedora das novas ideas políticas, que se difundían nas charlas dos cafés, nos círculos e nos xornais. Isto vai ser de gran transcendencia xa que, ante a tardanza para poder constituír as Cortes (debido ás dificultades dos elixidos para desprazarse nun país en guerra ou desde América), vai decidirse suplir as eleccións de moitos distritos por outras celebradas entre os homes desas provincias residentes en Cádiz (o que vai favorecer ós liberais).

As Cortes **decláranse depositarias da soberanía nacional** (Doc. 1: *As Cortes xerais e extraordinarias da Nación española... conforme en todo coa vontade xeral*), por tanto con lexítimo poder para legislar en favor do ben común ("Vontade xeral", termo de Rousseau para designar o bo, o recto, o xusto, ó que deben someterse as leis). Pero **recoñecen como lexítimo rei a Fernando VII** (Doc. 1: *recoñecen e xuran... polo seu único e lexítimo Rei ó Señor don Fernando VII*) e declaran nula a cesión da coroa a Napoleón, que consideran usurpada pola forza e ilexítima por non contar co consentimento dos cidadáns (Doc. 1: *declaran nula a cesión da coroa ... a favor de Napoleón, non só pola violencia que interviu naqueles actos inxustos e ilegais, senón por faltarlle o consentimento da Nación*). Os actos "inxustos e ilegais" ós que se refire o documento son os acontecidos en 1808 en Baiona (Francia) nos que Napoleón obrigou a Fernando VII a devolverlle a coroa ó seu pai (arrebataada nos sucesos do Motín de Aranjuez de 1808) e despois a Carlos IV a cederlla ó Emperador, que lla entregou ó seu irmán, Xosé Bonaparte.

A **composición social dos deputados** das Cortes de Cádiz (Doc. 2) mostra que case un terzo (90 dos case 300 deputados) son eclesiásticos, pero hai que ter en conta que a principios do XIX entrar no clero era unha vía de promoción social e de acceso á cultura, por iso dentro de clero hai distintas posicións ideolóxicas; unha maioría de funcionarios, avogados, profesores..., é dicir, persoas non privilexiadas pero con formación e boa posición económica entre as que abundaban os defensores do liberalismo; e unha representación minoritaria da nobreza. As ideoloxías dos deputados encádranse maioritariamente en tres correntes: a absolutista, a jovellanista e a liberal. Os **absolutistas**, chamados polos liberais "servís" (pola submisión á coroa), defendían a permanencia do vello sistema: monarquía absoluta, sociedade estamental e dominio da relixión católica. Entre eles destacou o bispo de Ourense, Pedro de Quevedo. Os **jovellanistas** ou renovadores, grupo formado arredor do ilustrado Jovellanos, propoñían un acordo entre o rei e a nación para compartir a soberanía e unha incompleta división de poderes: poder executivo e legislativo (rei e Cortes estamentais) debían permanecer unidos, pero separados do xudicial. Os **liberais** ou innovadores defendían a soberanía nacional (aínda que os máis moderados eran partidarios da soberanía compartida entre o rei e a nación), Cortes unicamerais, recoñecemento de dereitos e liberdades (igualdade, propiedade, liberdade...) e elaboración dunha Constitución (norma xurídica básica e suprema dun Estado). Non constituían o grupo maioritario, pero a súa maior cohesión, a súa superior formación e a excelente oratoria dalgún dos seus representantes (Agustín Argüelles, Diego Muñoz-Torrero...) fixo que dominasen os debates e que o seu labor se vise recoñecida e apoiada pola prensa gaditana. Entre eles destacan o sacerdote Diego Muñoz-Torrero, o avogado Agustín Argüelles, o escritor Alcalá Galiano, o historiador Conde de Toreno...

As Cortes de Cádiz van ter un **intenso labor legislativo** de claro ideario liberal (a abolición dos señoríos, dos morgados e dos privilexios señoriais; a supresión da Inquisición, da Mesta, dos gremios, das aduanas interiores; a liberdade de imprenta; a desamortización das propiedades das ordes militares, do clero e dos afrancesados, etc.), pero a súa obra máis salientable foi a Constitución de 1812, coñecida

popularmente como A *Pepa* por promulgarse o 19 de marzo (no cuarto cabodano do ascenso ó trono de Fernando VII tras o *Motín de Aranjuez*).

A **Constitución de 1812** (Doc. 3), que tomou como referencia a Constitucional Francesa de 1791 e a de Estados Unidos de 1787, está inspirada no liberalismo:

A **nación** definíase como o **conxunto dos españois dos dous hemisferios**, sen distinción de clases nin de estamentos (Art. 1. *A nación española é a reunión dos españois de ambos os dous hemisferios*) e colocando en pé de igualdade ós cidadáns peninsulares e ós das colonias americanas.

Recoñecemento da **soberanía nacional**, polo tanto o rei queda supeditado ós ditados da nación (Art. 3. *A soberanía reside esencialmente na nación*). O **sufraxio é universal masculino indirecto**, os varón maiores de 25 anos elixen ós compromisarios locais que, á súa vez, elixen ós compromisarios de partido xudicial, estes ós provinciais e por último ós nacionais. Pero **para ser elixible hai que posuír certo nivel de rendas procedentes de propiedades** (Art. 92. *Requírese para ser elixido deputado de Cortes ter unha renda anual procedente de bens propios*). Durante o mandato, de dous anos, os deputados non poden exercer ningún cargo de nomeamento real e gozan de inviolabilidade no exercicio das súas funcións.

División de poderes. O **lexislativo reside nas Cortes unicamerais e no rei** (Art. 15. *A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei*), que intervéñen na elaboración das leis a través da iniciativa e da sanción, posuíndo veto suspensivo durante dous mandatos. As Cortes posúen amplos poderes: elaboración das leis, intervención na sucesión da coroa (exclusión do herdeiro por incapacidade ou indignidade, nomeamento da rexencia en caso de minoría de idade...), aprobación dos tratados internacionais, etc. As Cortes unicamerais, seguindo o modelo francés, debían reunirse anualmente (cando menos durante tres meses), sen necesidade de convocatoria real. Ademais créase unha Deputación Permanente co fin de velar pola observancia da Constitución e atender os asuntos urxentes cando as Cortes non están reunidas. O **executivo reside no rei** (Art. 16. *A potestade de facer executar as leis reside no rei*), que dirixe o goberno e a administración en colaboración cos ministros por el designados, tras obter a confianza das Cortes, que teñen responsabilidade penal e refrendan as medidas do executivo. O **xudicial reside nos tribunais** (Art. 17. *A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais*). Asegúranse os principios fundamentais do Estado de dereito: códigos únicos en materia civil, criminal e comercial; garantías procesais, etc.

Dereitos individuais. Os individuos son suxeitos de dereitos inherentes á súa persoa: liberdade, propiedade (Art. 4. *A nación está obrigada a protexer ... a liberdade... a propiedade e os dereitos lexítimos de todos os individuos*); a igualdade xurídica e fiscal (Art. 8. *está obrigado todo español a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado*), rematando coas desigualdades características do Antigo Réxime; a liberdade de prensa (Art. 371. *Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar*), por tanto, o fin da censura para os escritos políticos (non para os relixiosos); a inviolabilidade do domicilio; a educación elemental; etc.

Garantías penais e procesais. Prohibición da tortura (Art. 303. *Non se usará nunca do tormento*).

Estado confesional. A **única relixión autorizada é a católica** (Art. 12. *A relixión da nación española é...a católica....prohibe o exercicio de calquera outra*)

Monarquía constitucional ou con poder limitado. O rei posúe o poder executivo (Art. 16. *A potestade de facer executar as leis reside no rei*) e comparte o lexislativo coas Cortes (Art. 15. *A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei*).

A Constitución de 1812 **é importantísima por ser o comezo do constitucionalismo español** e por defender que o poder non pode ser absoluto, senón limitado, e debe responder á vontade xeral da nación. Ademais, a precisión do seu articulado converteuna nun **modelo para o liberalismo universal**, xunto coa francesa e estadounidense. En España, a pesar de que case non puido aplicarse (agás en breves períodos, como no Trienio Liberal de 1820-1823 e tras o Motín da Granja en 1836), debido ó contexto bélico e á restauración absolutista en 1814, foi o **texto constitucional de referencia** en toda a Historia Contemporánea española.